



Publícase hoxe no DOG a Resolución que dá publicidade ao cadro de respostas definitivo e á baremación provisional da OPE 2014 + OPE 2015 (categorías de enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecoloxía, fisioterapeuta, logopeda, terapeuta ocupacional, técnico/a superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía, técnico/a superior en Hixiene Bucodental, técnico/a superior en Imaxe para o Diagnóstico, técnico/a superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico, técnico/a superior en Radioterapia, técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermaría e técnico/a en Farmacia):

- RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, relativa á publicación do modelo definitivo de respostas dos distintos exercicios e as puntuacións provisionais da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario, convocado por Resolución do 17 de xuño de 2015. [Descargar PDF](#)

O cadro de respostas e a lista de puntuacións provisionais poden verse na [web do SERGAS](#) (no caso de Técnica/o de Farmacia [nestoutra ligazón](#)).

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de **cinco días hábiles** seguintes á súa publicación, unicamente de existiren erros na confección aritmética da puntuación obtida. A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e deberá dirixirse á sede do tribunal a efecto de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio

Administrativo San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela.